



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

BASES REGULADORAS PARA PARTICIPAR NO CAMPAMENTO URBÁN 2017 ORGANIZADO POLO CONCELLO DE BAIONA.

Art. 1. Fundamentación.

A Concellería de Cultura e Xuventude do Concello de Baiona organiza esta actividade para ofrecer a posibilidade de que os nenos e nenas empreguen o seu tempo libre estival participando en actividades de forma organizada e planificada, a través de actividades de calidade, promovendo a corresponsabilidade, a cooperación, a educación en valores, coñecendo os espazos públicos municipais, e fomentando a convivencia entre os rapaces empadronados e os rapaces que teñen no noso concello a súa segunda residencia.

Art. 2 . Datas da actividade:

Establécense dúas quendas:

1º Quenda: do 14 ao 31 de xullo. (Agás o 18 e 25 de xullo, por ser festivos)

2º Quenda: do 1 ao 14 de agosto.

Horario: de luns a venres de 10.30 a 13.30 h.

Número de prazas: 30 prazas por quenda.

Cada participante optará a unha única quenda, agás no caso de que queden prazas baleiras.

Art. 3 Programa de actividades :

Durante o campamento desenvolverase un programa de actividades de lecer e tempo libre previamente programado. Haberá xogos de cooperación, visitas á Carabela Pinta e a Virxe da Rocha, realizarán un tramo do camiño portugués pola costa, unha festa temática cada fin de quenda, ect.. A recepción dos participantes sempre terá lugar na praza do concello.

Art. 4 Requisitos dos/das participantes: Ter entre 5 e 11 anos. Os participantes deberán ter a idade requirida antes do 1º día do comezo da quenda asignada.

Art. 5 Prezo: Gratuíto.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Art. 6 Prazo e lugar de presentación de solicitudes:

A solicitude pode ser individual ou múltiple.

A)Solicitude individual: A persoas interesadas en presentar unha solicitude de participación individual deben utilizar o formulario de solicitude individual.

B)Solicitude múltiple: As persoas interesadas en presentar unha solicitude de participación múltiple (no caso de irmáns), deben utilizar o formulario de solicitude múltiple.

As persoas interesadas deberán recoller o formulario de solicitude correspondente na Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) do 5 ao 16 de xuño de 2017, e entregalo no Rexistro Xeral do Concello, xunto coa fotocopia do DNI ou libro de familia.

Art. 7 Adxudicación de prazas:

A adxudicación de prazas realizarase mediante sorteo público, que terá lugar o 27 de xuño de 2017 no Salón de Plenos do Concello ás 13:30 h.

Con anterioridade ao sorteo, publicarase a lista de admitidos ou excluídos.

Art. 8 Lista de agarda:

Os nenos e nenas que non dispoñan de praza, pasarán a formar parte da lista de agarda, coa finalidade de cubrir as baixas que se poidan producir.

Baiona, 26 de maio de 2017.